



**Alejandro Tobar Salazar** (Lugo, 1983) estudou Filoloxía Inglesa na Universidade Complutense de Madrid. Logo dunha breve etapa docente, tanto dentro coma fóra do Estado español, enfocou a súa traxectoria profesional cara á tradución dende o inglés, principalmente ao galego. Dende 2008 leva traducidas para media ducias de editoriais algo máis dunha corentena

de obras da literatura anglófona, así como tamén, aínda que en ben menor medida, do francés, dinamarqués e castelán cara ao galego. Este labor viuse recompensado en 2014 co Premio Plácido Castro pola tradución dunha obra de Mark Twain, e en 2016 co Premio de Tradución na I Gala do Libro Galego pola súa translación dunha novela curta de Joseph Conrad. En 2011 fundou a editorial Hugin e Munin, empresa orientada en exclusiva á publicación de narrativa estranxeira en galego.